

ACTA Nº 13/11

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 28 DE MARZO DE 2011

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Victor Pastoriza Lino
D. Valentín Piñeiro González.
D. Daniel Rodas Chapela.
D^a Libertad Cruz Couso.

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 28 de marzo de 2011, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:15 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local nº 11/11, correspondente á sesión do 14 de marzo de 2011.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobala.

2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Dáse conta das resolucións 160/11 e 162/11, do 24 de marzo, nas que o alcalde avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno Local para o recoñecemento da obriga, co obxecto de ordenar o pago para que se publicase un edicto no BOP -na resolución 160/11- e para ordenar o pagamento dunha axuda de supervivencia -na 162/11-.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda

conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

3.A) EXPTE. 38/11 – D^a ANDREA MAGDALENO MACENLLE e D^a DIANA SOFIA SEMEDO ALVES ALEXANDRE presentan estudo técnico para cambio de tella en vivenda unifamiliar existente no lugar da Miranda, nº 187 do barrio da Seara, redactado por Ar.Ur.Mo (Arquitectura e Urbanismo Morrazo, SLP), arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos, visado o 7 de marzo de 2011.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 23 de marzo de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: ESTUDO TÉCNICO PARA CAMBIO DE TELLA EN VIVENDA (OBRA MAIOR)
INFORME: **Procede licenza das obras de conservación definidas en proxecto.**

Non precisa informes sectoriais.

Atendendo ás definicións do Capítulo IV relativas ás normas de habitabilidade para vivendas obxecto de actuacións de rehabilitación ou ampliacións en edificación e vivendas existentes, as obras de conservación para a reparación de cuberta quedan clasificadas polo artigo 8º.A.1 como obras de adecuación estrutural para o Decreto 29/2010 do 4 de marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia; de acordo co Artigo 10º do referido decreto, a este tipo de obras non lles será esixibles o cumprimento das normas NHV-2010.

Edificación en situación de fóra de ordenación.

A presente licenza outórgase ao abeiro do disposto no artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais e conforme se define na memoria construtiva do proxecto colocarse tella cerámica curva, canalón e baixantes. Preservarase o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	51,26 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

3.B) EXPTE. 208/10 – D^a SILVIA MEIRA PÉREZ e D. ÓSCAR BUDIÑO PEÑA presentan proxecto básico de renovación de vivenda unifamiliar existente, situada en Fontes nº 200, Tirán, redactado polo arquitecto D. Benigno Jáuregui Fernández e datado en novembro de 2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 23 de marzo de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: BASICO DE RENOVACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR
INFORME TÉCNICO. Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico. Non poderá construírse en tanto non se presente proxecto de execución
No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 9 de decembro de 2010 para ordenanzas 2 das NN. SS de planeamento municipal.

Non require informes sectoriais.

Cédense 109,68M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 1206,48 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario.

Superficie da parcela segundo medición técnica ascende a 643,63 M/2.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas últimas polo Concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985, polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	5.017,08 €
Taxas licenza urbanística.....	447,95 €
Cartel de obra.....	110,00 €

4.- ARQUIVO PROVISIONAL DE EXPEDIENTE

EXPTE. 37/11 – O RECUNCHO DAS XOUBIÑAS, S.L.N.E. presenta proxecto de acondicionamento de local para centro de lecer infantil, sito no Avda. Porta do Sol nº 48 baixo, do barrio da Ribeira-Meira, redactado por Ar.Ur.Mo (Arquitectura e Urbanismo Morrazo, SLP), arquitectos D. Rafael Oliveira Souto e D. Juan Fernández Martínez, visado o 9 de marzo de 2011.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 22 de marzo de 2011, que literalmente di:

ASUNTO: ADAPTACIÓN DE LOCAL PARA IMPLANTACIÓN DE ACTIVIDADE DE LECER (OBRA MAIOR).

INFORME:

O apartado 3 do artigo 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais –Decreto de 17 de xuño de 1955- especifica que con arranxo ao proxecto presentado, a edificación dun inmovible destinarase a establecemento de características determinadas, non se outorgará a licenza de obras sen o outorgamento da licenza de apertura se fose procedente.

Abondando na cuestión, o apartado 2 do artigo 196 da Lei 9/2002, reformada pola Lei 15/2004 de ordenación urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia nos afirma que nos supostos que esixan licenza de actividade ou apertura e, ademais, licenza urbanística, serán obxecto dunha soa resolución, sen prexuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas de cada intervención administrativa.

A actividade de “salón recreativo” queda incluída no Anexo nomenclator do Real Decreto 2816/1982, de 27 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas.

Dado a existencia de informes sectoriais doutras administracións concorrentes – Consellería de Sanidade e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza- no espazo do expediente de actividade (actividade de lecer, epígrafe 2.6.3 do Catálogo, Decreto 292/2004, do 18 de novembro) e sendo que a proposta de resolución da solicitude de licenza de actividade ou de apertura ten prioridade sobre a correspondente licenza urbanística, **proponse o arquivo provisional** deste expediente de obra en tanto non se remate o trámite da licenza de actividade.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	1.850,66 €
Taxas licenza urbanística.....	164,97 €
Cartel de obra.....	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico municipal, acorda **o arquivo provisional do expediente nº 37/11 en tanto non se remate o trámite da licenza de apertura.**

5.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

5.A) SOLICITUDE DE PRÓRROGA

ROUCO Y SOLLA, S.L., por escrito con entrada no rexistro do Concello o día 4 de marzo de 2011, expón que están a construír unha vivenda unifamiliar no lugar de Moureira-Meira, con **licenza nº expte. 49/08**, e solicitan unha prórroga de 3 anos máis para poder rematala. Acompañan recibo de ter pagado 35 € en concepto de taxas pola prórroga solicitada.

Visto o informe do aparellador municipal do 23 de marzo de 2011, que literalmente di:

Ante a petición formulada por **Rouco y Solla S.L.** titular conxuntamente da licenza con expediente 48/2008 concedida en Xunta de Goberno Local de 31 de marzo de 2008 para un proxecto de vivenda unifamiliar sita en Moureira-Meira, a teor do disposto no apartado 2 do Artigo 197 da Lei 9/2002 de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia procede **conceder prórroga** dos prazos outorgados na licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior o inicialmente acordado.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a prórroga solicitada nos termos recollidos no informe do aparellador municipal

5.B) SOLICITUDE DE OBRA PROVISIONAL

D. José Sebastián Vales, por escrito con entrada no rexistro do Concello o día 10 de febreiro de 2011, expón que na parcela situada no Plan Parcial “Rosal Sur” (etapa 1 – parcela 18) da súa propiedade existe unha nave que ocupa a metade da finca, e coa nova ordenación ten unha parcela resultante que ocupa parte dela, e no resto está prevista a construción dun edificio de equipamento. Hai anos que desaloxou a nave e usa, dende

entón, outra en aluguer. Para evitar seguir pagando o aluguer desexa volver a usar a súa nave primitiva e ampliar cunha estrutura metálica desmontable e cerramento de lona o resto desa finca para poder usala como almacén en precario. Comprométese a desmontala no momento no que llo solicite a Xunta de Compensación do Plan Parcial O Rosal Sur, correndo el cos gastos.

Visto o informe do aparelador municipal do 23 de marzo de 2011, que literalmente di:

EXPEDIENTE DE OBRAS REXISTRO DE ENTRADA 1032 (10/02/2011)

PETICIONARIO: JOSÉ SEBASTIÁN VALES.

ASUNTO: OBRA PROVISIONAL.

INFORME:

Atendendo o disposto no artº 102 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia relativo a usos e obras provisionais, no caso que nos ocupa dada a súa situación inmersa non solo urbanizable delimitado con sectorización aprobada no cal xa se iniciou o procedemento de xestión correspondente, **non procede acceder o solicitado** para a instalación de estrutura desmontable.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda non acceder ao solicitado polos motivos recollidos no informe do aparelador municipal.

6.- LICENZAS DE APERTURA

EXPTE. 27/10 – Dª MIRIAM GIRÁLDEZ SA. solicita mediante instancia de entrada no rexistro do Concello o día 08 de marzo de 2011, licenza de apertura de local destinado a EXPENDEDURÍA DE TABACO, sito en Palmás-Domaio, 74, baixo..

Visto o informe do aparelador municipal do 19 de marzo de 2011 que literalmente di:

APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA CON OBRAS DESTINADA A EXPENDIDURÍA DE TABACO. (ESTANCO).

INFORME:

Procede licenza de apertura para establecemento comercial destinado a **expendiduría de tabaco** a favor de **Miriam Giraldez Sa.** Actividade suxeita a licenza de apertura a teor do determinado no artigo 22 Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Licenza de obras e actividade nº 143/10 outorgada en sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día 13 de setembro de 2010.

A ordenación de usos das NN.SS. de Planeamento Municipal para a zona determina a súa compatibilidade.

A licenza urbanística de uso e obras outórgase definitivamente mediante unha única resolución simultánea coa licenza de actividade (artigo 196.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro); a licenza de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas aos efectos de verificación que os locais e instalacións reúnen as condicións do proxecto, así como a Acta de Comprobación asinada polo Arquitecto Técnico Municipal que queda adxunta ao expediente.

Vista a acta de comprobación asinada polo arquitecto técnico municipal e polo inspector de obras de data 17 de marzo de 2011, que literalmente di:

Aos efectos da ulterior licenza municipal de apertura e posta en funcionamento da actividade non clasificada destinada a **ESTANCO** cuxo titular resulta ser **DNA. MIRIAM GIRÁLDEZ SA.** a cal declara a execución das obras de acordo co proxecto redactado polo arquitecto técnico AR-UR-MO (Arquitecto y Urbanismo Morrazo, S.L.P.) e visado na data do 19 de agosto do 2010, o Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras corroboran a adecuación do local levantando a presente Acta de Comprobación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 250 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a **Dª MIRIAM GIRÁLDEZ SA,** licenza de apertura para establecemento destinado a EXPENDEURÍA DE TABACO - ESTANCO no local situado en Palmás, 74 baixo, Domaio-Moaña, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

7.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE APERTURA

EXPEDIENTE 12/11 – D. COSTIN BALCA

Vista a instancia presentada o día 8 de marzo de 2011 por Don COSTIN BALCA, na que solicita o cambio de titularidade da licenza municipal de apertura do local situado en Caiagua – Meira, 28, baixo, que está a nome de IMPORT RACING SPORT, S.L. Achega documentación.

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 25 de marzo de 2011, que literalmente di:

A petición do Concellal Delegado de Urbanismo, en data do 25/03/2011, en relación coa solicitude presentada por D. COSTIN BALCA, na data do 08.03.11, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de EXPOSICIÓN E VENDA DE VEHÍCULOS, sito na rúa Caiagua nº 28, baixo - Meira, pertencente a IMPORT RACING SPORT, S.L., teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo,** Licenza Municipal de EXPOSICIÓN E VENDA DE VEHÍCULOS, sito na rúa Caiagua nº 28, baixo - Meira, pertencente a IMPORT RACING SPORT, S.L. Aprobada pola **Xunta de Goberno Local de data do 2 de febreiro de 2007.**

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de EXPOSICIÓN E VENDA DE VEHÍCULOS, sito na rúa Caiagua nº 28, baixo - Meira, pertencente a IMPORT RACING SPORT, S.L., aprobada pola **Xunta de Goberno de data 02.02.2007**, a favor de **D. COSTIN BALCA**

8.- PROPOSTAS DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan de seguido,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
DEPORTES	Marcador para o campo de fútbol da Granxa-Domaio	MONDO IBÉRICA, S.A.	3420 62202 RC 416	3.752,06€
ALCALDÍA	Acondicionamento Escola de Música	AIXOLA CARPINTERÍA, S.L.	3250 63200 RC 415	2.533,46 €
DEPORTES	1ª Volta ciclista a Moaña	FULLSPORT TOPTEN	3410-22609 RC 408	1469 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2011 acreditado polas retencións de crédito que para eses gastos se efectuaron nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as propostas de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

9.- PROGRAMA DIURNO DE CARÁCTER LÚDICO PARA BALNEARIOS – DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2011

Visto o informe-proposta da animadora sociocultural do 23 de marzo de 2011, que di:

Publicadas as bases para participar no programa Diurno de carácter lúdico para este ano 2011 da Deputación provincial, na cal se indica que os concellos interesados no programa diurno de carácter lúdico durante cinco días, para as persoas maiores de 50 anos, deberán enviar á Deputación o acordo da adhesión ao programa.

Este departamento co visto e prace da Concelleira de Servizos sociais, adhirose ao programa, polo que fai a reserva de 150 prazas, distribuídas en dúas quendas:

- 75 prazas para a quenda da primavera, para o balneario de Mondariz.

- 75 prazas para a quenda do outono, para o Thalasso de Moaña.

A contía que terá que abonar o Concello por praza é de 32 €.

O custo total que lle suporá ao Concello as 150 prazas é de 4.800 € (a empresa encargada do programa é Viaxes Halcón).

PROPOSTA:

1.- Aprobar a adhesión ao programa lúdico de balnearios diurno coa reserva de 150 prazas distribuídas en 75 para a campaña de primavera e 75 para a campaña de outono.

2.- Aprobar o gasto de 4.800 €, que supón as 150 prazas, a imputar á partida presupostaria de servizos sociais, programas de promoción social.

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos,

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2011, acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 2310-22620.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos e así **aprobar a adhesión ao programa lúdico de balnearios diurno** 2011 da Deputación de Pontevedra, coa reserva de 150 prazas distribuídas en 75 prazas para a campaña de primavera e 75 para a campaña de outono, e aprobar o gasto de 4.800 euros con cargo á partida 2310 22620 RC 390.

10.- LIQUIDACIÓN PRIMA DE SEGUROS

Visto o documento de liquidación das cotas do Seguro Obrigatorio/Voluntario de Automóbiles correspondente a 2011 e regularización de 2010 de determinados vehículos de Protección civil e da Policía local deste Concello, remitido polo Consorcio de Compensación de Seguros, ao que a concelleira delegada dá a súa conformidade,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga polo importe de 1.513,96 euros a favor de Consorcio de Compensación de Seguros pola renovación das pólizas correspondentes aos seguros dos vehículos municipais coas matrículas que se relacionan de seguido, imputándoo ás seguintes partidas, RC nº 2011-389:

	PÓLIZA	MATRÍCULA	VEHÍCULO	IMPORTE €	PARTIDA
Protección civil	31312173	C-1143 BL	Ambulancia	155,14	1340 22400
	51435980	1325BVH	Camión bomb.	401,94	
	71536747	PO5323BH	Ambulancia	155,98	
	71557338	5751FYD	Nissan Nivara	155,98	
Policía Local	51435985	6388CPT	Seat Córdoba	155,14	1320 22400
	71535177	4705FST	Sangyong	155,14	
	71551693	0633FWR	Motocicleta	167,32	
	71551694	0643FWR	Motocicleta	167,32	

11.- LIQUIDACIÓN 1º PRAZO DO CANON DE SANEAMENTO 2004

Cos antecedentes e informes que constan no expediente, a Xunta de Goberno Local do 26 de xaneiro de 2009 deu conformidade á liquidación do principal do canon de saneamento (2004) proposto por Augas de Galicia e coa liquidación dos xuros devengados a partir do 31 de marzo de 2006.

Solicitado o pago fraccionado, o subdirector xeral de Recadación acorda autorizar o pagamento aprazado por resolución do 8 de febreiro de 2011, de xeito que se realicen 4 pagos ao longo do ano 2011 (marzo, xuño, setembro e decembro), para cubrir as débedas nº L-500090017973 e L-500100018860, cuxas contías son de 77.332,87 e 26,03 € respectivamente, e que xeran en total uns xuros de 9.028,52 €..

Vista a contía que reflicte o acordo para o primeiro pagamento, en marzo de 2011, de 19.339,74 euros de principal máis 1.894,23 euros de xuros,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga por importe de 19.339,74 euros en concepto de liquidación do canon de saneamento 2004 con cargo á partida 1610 22501 RC 417, e de 1.894,23 euros en concepto de xuros de dita liquidación, con cargo á partida 1610 35200 RC 417.

12.- RELACIÓN DE FACTURAS

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 22 de marzo de 2011 que textualmente di:

Vistas facturas presentadas polas entidades relacionadas, relación composta polo listado de rexistro de facturas número 206 e o anexo III da presente proposta, xustificativas do gasto, é que ascende á cantidade acumulada de: 143.017,38 €.

Visto que tódalas facturas están conformadas polos responsables de cada un dos servizos,

Vista a existencia de crédito suficiente e adecuado nas partidas do orzamento vixente do Concello de Moaña para o ano 2011,

Tendo en conta o cumprimento do disposto no artigo 59 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril e nas bases de execución do Concello de Moaña, para o ano 2011, sobre a acreditación da prestación,

Visto o disposto no artigo 21.1.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, no artigo 185,2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do Concello de Moaña para o ano 2011 nos que se determina o órgano competente para o recoñecemento da obriga,

O Concelleiro de Facenda, PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas indicada, e presentadas polas entidades que de seguido se relacionan, por importe acumulado de: 143.017,38 euros,

ANEXO I			
Factura	Proveedor	Partida	Importe
18/11	IRISAR DESEÑO E IMPRESION, S.L.	3410 22601	69,62
06/11	PRETO DE TI, S.L.	2310 22713	15.324,34
07/11	PRETO DE TI, S.L.	2310 22703	3.963,23
039	RODRIGUEZ ABAL, José Luis	3340 22612	264,32
681731	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS	9200 22201	630,82
C 27	HERMELO CANOSA, Raimundo	3410 22601	265,50
036	PENA PORTELA, Gabriel	3340 22612	212,40
0010	VAZQUEZ TABOADA, Pedro	3340 22612	1.405,99
679568	SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS	9200 22201	555,67
Total anexo I			22.691,89

ANEXO II			
Factura	Proveedor	Partida	Importe
A0001	TALLERES CLAUDIO RODRIGUEZ, S.L.....	3420 62202	12.613,44
01-11	COSTIN BALCA.....	1340 21300	708,00
62/11	GASOLEOS DO LEREZ, S.L.	3420 22103	700,00
904346	TELEFONICA MOVILES DE ESPAÑA, S.A.	VARIAS	160,48
2	JUNCAL BARROS, Israel	3410 22601	118,00
00372	ALMACENES CANDUCHO, S.L	1710 22199	275,73
00188	FARO DE VIGO, S.A.	4320 22602	1.170,86
11/1328	AUTORIDAD PORTUARIA DE VIGO	9200 22500	274,35
11/1329	AUTORIDAD PORTUARIA DE VIGO	9200 22500	28,93
F05333	KOPIAK MOAÑA, S.L.	3370 22000	32,20
11-151	AGRONERGA, S.L.	3130 22700	323,32
0036/11	CYBERNOVA MOAÑA, S.L.	9200 21600	351,87
0037/11	CYBERNOVA MOAÑA, S.L.	9200 22002	45,00
0002383	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.....	1550 22103	1.924,76
0002384	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.....	9200 22103	100,02
0002385	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.....	1340 22103	203,68
0002386	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.....	1320 22103	505,29
0001917	GASOLEOS DEL MORRAZO SANCHILAN, S.L.....	3210 22103	714,00
2011/A/98	ROMERO SOLIÑO, S.L.	1550 22115	132,33
F05495	KOPIAK MOAÑA, S.L.	3250 22000	9,96
F05497	KOPIAK MOAÑA, S.L.	9310 22000	70,48
021/11	RUA RUA, F. David	1510 22114	55,08
023/11	RUA RUA, F. David	1510 22114	165,25
022/11	RUA RUA, F. David	1510 22114	55,08
020/11	RUA RUA, F. David	1510 22114	55,08
0075	JUCONS GALAICA, S.L.U.	1550 20300	99,12
A84	OBRAS Y SERVICIOS FERNANDEZ, S.L.	1550 22300	436,60
005829	TELEFONICA MOVILES DE ESPAÑA, S.A.	VARIAS	172,28

220128	TELGA COMUNICACIONES, S.L.	1320 20800	95,07
7884	RECAMBIOS RODEIRA MOTOR, S.L.	1550 21400	524,98
000179	HITRAF, S.A.	1550 21300	1.237,45
000564	ALMACENES CANDUCHO, S.L.	1550 22115	12,74
144	MONTES COSTAL, Maria Luz	3370 22110	13,81
145	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	289,22
150	MONTES COSTAL, Maria Luz	2310 22110	66,06
151	MONTES COSTAL, Maria Luz	3210 22110	176,14
152	MONTES COSTAL, Maria Luz	1340 22199	385,43
153	MONTES COSTAL, Maria Luz	9200 22110	224,05
155	MONTES COSTAL, Maria Luz	3120 22110	90,20
156	MONTES COSTAL, Maria Luz	3320 22110	3,50
167	MONTES COSTAL, Maria Luz	2310 22110	67,76
168	MONTES COSTAL, Maria Luz	3420 22110	50,86
11102048	PAZ DISMAC, S.L.	9200 22000	163,37
11102049	PAZ DISMAC, S.L.	9200 22000	278,36
11102050	PAZ DISMAC, S.L.	9200 22000	383,32
B11/163	ALARMAS PONTEVEDRA, S.L.	3210 21200	61,36
B11/162	ALARMAS PONTEVEDRA, S.L.	3210 21200	99,12
002765	PIÑEIRO GUERRA, M ^a del Carmen	3410 22609	77,88
0019	RODRIGUEZ ABAL, José Luis	9200 22000	307,40
2070518	R.CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA.....	2310 22200	73,19
028/11	RUA RUA, F. David	VARIAS	212,40
7/2011	TALLER MOTORMOÑA, S.L.	1320 21400	60,00
290	COMERCIAL OTERO D. MOÑA, S.L.	1550 22115	40,25
110458	VIVEIROS ADOA, S.L.	1710 22109	1.285,68
11176	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	3320 21301	117,71
11156	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	3210 21301	117,71
11177	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	9200 21301	117,71
00064	INVESTIGACION Y PROYECTOS M.AMBIENTE....	3130 22706	169,58
942754	F.C. DOMAIO	3420 22100	122,27
00901	SANTOME GONZALEZ, Juan Pablo	VARIAS	36,90
02019	MADERAS COBRES, S.L.	3340 22612	324,64
00674	FARO DE VIGO, S.A.	9200 22603	123,90
Total anexo II			28.911,21

ANEXO III			
Factura	Proveedor	Partida	Importe
varias	TELEFONICA MOVILES DE ESPAÑA, S.A.....	VARIAS	1.743,59
varias	GAS NATURAL S.U.R., SDG, S.A.	VARIAS	89.670,69
Total anexo III			91.414,28

TOTAL	
RELACION	143.017,38 €
.....	

Segundo.- Recoñecer as obrigas por importe acumulado de 143.017,38 euros a favor das entidades sinaladas e con cargo ás partidas indicadas, de acordo co orzamento do Concello de Moaña.

Terceiro: Aprobar a bonificación correspondente a factura de Telefónica Móviles de España, S.A., por un importe de 469,22 euros.

Cuarto.- Notificar o presente acordo ao departamento de Intervención do Concello de Moaña, aos efectos oportunos.

Visto o informe da interventora municipal de data 22 de marzo de 2011 no que emite reparo ao recoñecemento de gastos por subministro de material de limpeza para clubs de xubilados, facturas nº 167 e 150 emitidas por M^a LUZ MONTES COSTAL (Distribucións Arcade) xa que son entidades alleas ao Concello e os gastos orixinados por elas non deben ser asumidos por éste,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda

Primeiro: levantar o reparo da interventora municipal porque os locais onde están eses clubs son de titularidade municipal e por entender os contratos como menores,

Segundo: Aprobar a proposta nos seus xustos termos.

13.- ANULACIÓN DE ACORDO

Vista a proposta da Alcaldía do 22 de marzo de 2011, que textualmente di:

Vista a duplicidade de acordos en relación ao recoñecemento da obriga derivada do cumprimento da sentenza xudicial 265/09, de data 18/11/09, por importe de 700,00 euros a favor de Caser S.A (NIF A28013050), esta Alcaldía, no uso das competencias atribuídas na lexislación vixente, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.-Anulación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 3 de maio de 2010 de recoñecemento da obriga derivada do cumprimento da sentenza xudicial 265/09, de data 18/11/09, por importe de 700,00 euros a favor de Caser S.A (NIF A28013050), dado que tal acordo xa se tiña adoptado o 21 de decembro de 2009

SEGUNDO:- Anulación dos asentos contables derivados do acordo indicado (ADO 2009-2339)

TERCEIRO .-Notificar o presente acordo aos interesados e aos departamentos de Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

14.- APROBACIÓN DE DEREITOS A FAVOR DO CONCELLO

Vista a proposta da Intervención municipal do 24 de marzo de 2011 sobre aprobación de dereitos a favor do Concello por descontos comerciais concedidos, que di:

Vista a factura emitida por Telefónica de España, S.A. que de seguido se relaciona, en concepto de axustes por consumos:

<u>Número Factura</u>	<u>Data Factura</u>	<u>Importe</u>
60C1RR000236	28 febreiro 2011	- 315,75 euros

PROPONSE:

Que pola xunta de goberno local, se aprobe o DEREITO, por axustes concedidos por Telefónica de España, S.A. por importe de 315,75 euros, segundo se indica na factura de referencia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

15.- COMPENSACIÓN DE DÉBEDAS UNIÓN FENOSA

Visto o informe da tesourería do 20 de xaneiro de 2011, que di:

Co fin de que se proceda a oportuna tramitación do procedemento de apremio ,que,de acordo co disposto na cláusula 1ª do convenio suscrito co ORAL o 18 de agosto do 2010 ,corresponderá a dito organismo, informo que o contribuínte indicado a continuación resulta debedor da Facenda Local do Concello de Moaña, polo importe da liquidación transcrita, que foi debidamente notificada e non ten sido ingresada expirado o período voluntario de pago, o 5 de novembro de 2010:

APELIDOS E NOME/CIF	DOMICILIO	DATA NOTIF.	FIN PRAZO VOLUNTARIO .	CONCEPTO TRIBUTARIO	IMPORTE
UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A/A82153834	TRAVESIA DE VIGO 204 CP36207 VIGO PONTEVEDRA	10/05/10	20/06/10	TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA APROVEITAMENTO ESPECIAL DOMINIO PÚBLICO XANEIRO E FEBREIRO 2010	8.671,28 euros
UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A/A82153834	TRAVESIA DE VIGO 204 CP36207 VIGO PONTEVEDRA	24/09/10	05/11/10	TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA APROVEITAMENTO ESPECIAL DOMINIO PÚBLICO MARZO 2010	4.359,84 euros
				TOTAL	13.031,12 EUROS

Cómpre salientar que,consonte ó disposto no artigo 28 da Lei58/2003,de 17 de decembro, Xeral Tributaria, o inicio do período executivo determina o devengo dos seguintes recargos:

“2.El recargo ejecutivo será del 5 % y se aplicará cuando se satisfaga la totalidad de la deuda no ingresada en período voluntario antes de la notificación de la providencia de apremio.

3.El recargo de apremio reducido será del 10 % y se aplicará cuando se satisfaga la totalidad de la deuda no ingresada en período voluntario y el propio recargo antes de la finalización del plazo previsto en el apartado 5 del artículo 62 de esta ley para las deudas apremiadas

4.El recargo de apremio ordinario será del 20 % y será aplicable cuando no concurran las circunstancias a las que se refieren los apartados 2 y 3 de este artículo.

5.El recargo de apremio ordinario es compatible con los intereses de demora. Cuando resulte exigible el recargo ejecutivo o el recargo de apremio reducido no se exigirán los intereses de demora devengados desde el inicio del período ejecutivo.”

Vista a proposta da Alcaldía de data 25 de marzo de 2011, que di:

Visto o informe emitido pola Tesourería Municipal o 20 de xaneiro de 2011, ref.11/11, co obxecto de ser remitido ó Oral para iniciar a tramitación do procedemento de apremio en relación á débeda tributaria de Unión Fenosa Distribución S.A. (CIF A82153834), por importe de 13.031,12 euros, correspondente á taxa pola utilización privativa do dominio público local durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2010.

Considerando que o Concello resulta debedor do suxeito pasivo indicado por suministro de enerxía eléctrica, sendo as débedas máis antigas as referenciadas a continuación.

Dado que, consonte ao disposto no artigo 73.1 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria, a administración tributaria compensará de oficio as débedas tributarias que se atopen en período executivo.

PRIMEIRO.- Non facer uso neste caso dos servizos de recadación concertados co ORAL.

SEGUNDO.- Aprobar a compensación das seguintes obrigas e dereitos, declarando as obrigas extinguidas polos importes indicados e os dereitos na súa totalidade:

*Dereitos recoñecidos 2010-164 e 368, suxeito pasivo Unión Fenosa Distribución S.A (CIF A82153834). Saldos pendentes de ingreso por importe, respectivamente, de 8.671,28 e 4.359,84 euros.

*Obrigas recoñecidas 2009-231, 232, 233 e 330, acreedor Unión Fenosa Distribución S.A (CIF A82153834), cuns saldos pendentes de pago por importe de 852,25, 7.232,73, 2.174,38 e 1.86116 euors, respectivamente. Nestes casos serán obxecto de compensación a totalidade das facturas incluídas nas obrigas contables pendentes de aboamento.

Obriga recoñecida 2009-514, acreedor Unión Fenosa Distribución S.A. (CIF A 82153834). Neste caso producirase unha compensación parcial da factura 2408121084153 por importe de 910,60 euros.

TERCEIRO. Notificar o presente acordo ós interesados e ós Departamentos de Intervención e Tesourería ós efectos oportunos

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a compensación de débedas proposta, na que o importe dos dereitos recoñecidos é 13.031,12 euros.

16.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O alcalde, Xosé Manuel Millán Otero, dálle conta á Xunta de Goberno Local da *Orde do 4 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e se procede a súa convocatoria*, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm. 49, do 11 de marzo de 2011).

Para acollérmonos a esta orde é mester, tal como sinala o artigo 9º, enviar xunto coa solicitude (anexo I), a seguinte documentación:

- a) Proxecto descritivo da modalidade para a que se solicita a subvención co orzamento de gastos incluído (anexo II).
- b) Certificación expedida polo secretario xeral da entidade local, relativa ao acordo, adoptado polo órgano competente, polo que se acorda a solicitude da subvención para a dinamización lingüística e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta convocatoria.
- c) Declaración de conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos.
- d) Declaración de que a entidade non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Xa que logo, a técnica de Normalización Lingüística emite a seguinte memoria en relación co funcionamento do SNL:

“MEMORIA DE ACTUACIÓN

O Concello de Moaña conta cun Servizo de Normalización Lingüística (SNL), por resolución da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, **desde o 24/05/1988** e está funcionando con regularidade desde esa data co obxectivo de incrementar o uso e o prestixio da nosa lingua na entidade local e en todos os ámbitos do termo municipal.

Para **o reforzamento** deste SNL existente, contra desde o 1/1/1993 con persoal propio: unha especialista en lingua galega, licenciada en filoloxía hispánica (sección galego-portugués). Este posto de técnico de Normalización Lingüística está encadrado dentro do Catálogo de persoal funcionario e laboral fixo do Concello de Moaña no grupo 1 (equivalente na titulación co persoal funcionario ao A1), categoría profesional de licenciado.

Mantemento do SNL xa existente

O SNL garante o cumprimento da lexislación vixente tal como sinala a Lei 5/1988, do 21 de xuño, de uso do galego como lingua oficial de Galicia polas entidades locais, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia. Neste senso, hai que destacar que o galego é a **lingua principal de traballo e comunicación** tanto interna como coa cidadanía desta administración.

Todas as actividades que realiza en relación co uso do galego axústanse ao establecido pola Real Academia Galega na sesión plenaria do 12 de xullo de 2003, tal como determina a disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

As funcións que o SNL realiza de maneira permanente son:

I) Funcións internas:

a) Asesorar ao goberno local en todo o relacionado coa promoción da lingua galega nos seguintes aspectos:

Estabelecer a lingua de traballo e de comunicación do persoal do Concello e dos organismos que del dependen.

Estabelecer unhas normas básicas do uso do galego para terceiros (empresas que traballan para o Concello, asociacións que contan con subvencións municipais...).

Estabelecer criterios xerais nas probas e procesos selectivos para avaliar convenientemente os coñecementos lingüísticos das persoas que aspiran ás prazas.
Colaborar coa administración para determinar os perfís lingüísticos de cada posto de traballo.

b) Asesorar, corrixir e resolver dúbidas lingüísticas para os departamentos e servizos da institución na elaboración e difusión de documentación administrativa:

Alcaldía: edictos, bandos, publicación institucionais, saúdas do alcalde, convites, páxina web do Concello...

Servizos Sociais: revisión lingüística de programas, documentos administrativos, memorias...

Urbanismo: é destacábel o apoio lingüístico e a corrección que o SNL realiza sobre o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Moaña, sobre todo no que se refire á corrección da toponimia na documentación cartográfica e da planimetría pois inclúe a microtoponimia consonte ao sistema deseñado pola Comisión de Toponimia.

Secretaría: actas dos plenos e xuntas de goberno local, convocatorias de sesións, ordes do día, ditames das comisións informativas, mocións...

Intervención: ordenanzas fiscais e xerais, informes de intervención...

Cultura: programa e memorias anuais, folletos e cartelaría da programación cultural...

Policía Local: informes, atestados ...

Medio Ambiente: folletos, guías informativas ...

Padroado Municipal de Emprego Beiramar: elaboración de programas, difusión das actividades...

Turismo: corrección da microtoponimia nas guías turísticas e folletos publicitarios e mellora da calidade lingüística destes soportes.

Co obxectivo de mellorar a calidade lingüística e comunicativa do Concello de Moaña, o SNL traballa para:

Difundir os criterios lingüísticos do SNL en relación coa harmonización normativa dos textos xerados por esta administración.

Dar a coñecer os cambios normativos.

Resolver dúbidas lingüísticas.

Estabelecer criterios xerais de estilo.

Deseñar documentación formal.

Sensibilizar no emprego dunha linguaxe non sexista.

Difundir e facer respectar a toponimia oficial na documentación escrita: sinalética, bandos, correspondencia...

Difundir os dereitos lingüísticos.

Difundir as ferramentas lingüísticas existentes (manexo de materiais e recursos que están dispoñíbeis na rede como dicionarios, léxicos, modelos de documentos...; instalación e manexo de correctores ortográficos e tradutores...).

Elaborar e editar materiais de apoio específicos atendendo ás necesidades dos departamentos.

II) Funcións de formación (socio)lingüística:

Planificar, xestionar, coordinar e difundir a realización de cursos de capacitación lingüística do persoal municipal atendendo ás carencias detectadas. Deste xeito o SNL traballa na mellora da calidade lingüística no emprego do galego neste Concello, tanto na comunicación oral como na escrita.

Difundir a realización de cursos de lingua galega:

- Xerais: a través de notas de prensa, circulares a colectivos, a organismos dependentes do Concello e notas nos taboleiros oficiais, o SNL informa das convocatorias dos cursos de lingua galega preparatorios para obter os diferentes niveis Celga e das probas oficiais para obter estes certificados.

- Específicos: informa o persoal do Concello e dos organismos dependentes dos prazos e requisitos para realizar algún dos cursos de linguaxe administrativa convocados pola Administración.

Asesorar sobre validacións e equivalencias que os usuarios e usuarias do servizo poden optar segundo o nivel de estudos que posúen e cal é o seguinte nivel no que poden formarse. Hai que destacar que o SNL recibe durante o ano múltiples consultas neste ámbito, non só do persoal do Concello senón, e sobre todo, da poboación en xeral, e da inmigrante, en particular. O perfil destas persoas adoita estar entre os 20 e os 45 anos e valoran positivamente a información que se lles dá sobre todo por mor de formarse en lingua galega e ter o currículo actualizado.

Difundir entre a cidadanía materiais que contribúan á tarefa de promover a extensión do uso do galego: recursos lingüísticos, dereitos lingüísticos, lexislación...

Colaborar no deseño de programas de formación para garantir a presenza do galego e de contidos favorábeis á mellora de actitudes lingüísticas no ámbito local.

III) Funcións de dinamización Lingüística:

Planificar, xestionar, executar e avaliar accións a prol da lingua galega no ámbito de influencia da entidade.

Fomentar o uso do galego no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancia para a súa representación social.

O SNL informa as distintas asociacións sen fins de lucro: culturais, veciñais, comunidades de montes, económicas (confraría de pescadores, asociación de comerciantes...) etc. sobre subvencións destinadas á realización de cursos de formación e actividades de promoción da lingua galega. Estes colectivos acoden ao servizo para mellorar a calidade lingüística do material que editan (revistas, boletíns, folletos, blogs, carteis, memorias) e para asesorarse sobre recursos lingüísticos, desenvolvemento de campañas...

O SNL colabora de maneira permanente coas asesorías de Moaña e coa notaría para darlles apoio lingüístico en materia de linguaxe administrativa e xurídica.

Planificar e propoñer programas dinamizadores e actividades concretas que conciencie a sociedade respecto ao uso da lingua galega.

SNL planifica e propón a organización de diversas actividades de dinamización xunto cos equipos de normalización e dinamización lingüística dos centros de ensino de Moaña, ofrécelles información sobre datos sociolingüísticos de Moaña, da comarca do Morrazo, Pontevedra e Galicia para axudarlles na elaboración dos seus respectivos proxectos curriculares de centro e dálles información sobre a toponimia e microtoponimia deste termo municipal.

Promover e coordinar redes de traballo para o fomento do uso do galego no ámbito asociativo, educativo e empresarial, no ámbito local

Para levar a cabo estas funcións, o SNL desenvolve durante este ano 2011 os seguintes **programas** de dinamización:

Galiméntate: campaña de dinamización lingüística no ensino para galeguizar o sector da hostalaría
--

Acción I: Receitas para a lingua

INTRODUCCIÓN

Durante o curso escolar 2007/08 o IES A Paralaia, a través do seu Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística, e o Concello de Moaña, a través do seu SNL, levaron a cabo a campaña *Galiméntate*, campaña de dinamización lingüística no sector da hostalaría. Nesta

campaña realizáronse unhas actividades e editáronse uns materiais que foron distribuídos entre o sector implicado durante os seguintes anos.

Para non caer no estancamento e seguir traballando en provocar cambios positivos cara a lingua neste sector, propomos realizar durante o curso escolar 2010/2011 unha nova fase desta campaña.

OBXECTIVOS XERAIS

Estabelecer redes de comunicación co sector hostaleiro que resulten rendíbeis no proceso de normalización da lingua e que senten as bases para a continuidade dos cambios.

Mellorar as actitudes lingüísticas do sector e da sociedade en xeral.

Provocar cambios perceptíbeis no uso da lingua.

Aprender a traballar en equipo.

Potenciar o noso sinal de identidade como atractivo fundamental de seu e asociado a uns produtos e a unha atención de calidade.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Fornecer recursos que axuden a coñecer o vocabulario específico do sector da hostalaría.

Coñecer as ferramentas relacionadas coa lingua que ofrece a rede.

Aprender a xerar contidos galegos e en galego na rede.

Ofrecerlle ao sector hostaleiro os apoios necesarios para a súa galeguización.

Utilizar o lema da campaña como unha marca de calidade que agrupe a todos os sectores implicados.

DESTINATARIOS: o sector da hostalaría.

ACTIVIDADE

I. O alumnado do IES A Paralaia ponse en contacto cos hostaleiros de Moaña (bares de tapas, restaurantes, hamburguesarías...) para que estes acheguen unha receita que ofrezan nos seus locais. Para iso o alumnado disporá dunha ficha na que cubrirá o nome do establecemento, data da visita, enderezo, teléfono e correo electrónico, nome da persoa de contacto e observacións.

II. O alumnado traballa no centro escolar para redactar en galego cada prato. Deste xeito ponse ao día no vocabulario da gastronomía. O persoal docente do centro e o persoal do SNL asesoran e supervisan a actividade.

III. O conxunto das receitas iranse publicando no blog do IES A Paralaia e do SNL seguindo este esquema xeral:

Recetas para a lingua

1. Entrantes

2. Primeiro prato

3. Segundo prato

4. Sobremesa

5. Establecementos colaboradores

IV. O alumnado elabora unha relación de:

- *Materiais lingüísticos*: glosarios, léxicos...

- *Enlaces de interese*: directorio de páxinas en galego relacionadas coa hostalaría.

Para elaborar estas seccións, o alumnado realizará unha busca e baleirado de páxinas que existan na rede.

Por ser unha continuidade da campaña *Galiméntate* aproveitase o mesmo deseño como fondo e soporte da campaña.

Para complementar a actividade e como remate, repartiranse entre persoas implicadas na actividade mandís e bolsas da compra co logo e o deseño da campaña.

PERIODIZACIÓN: curso escolar 2010/11

AVALIACIÓN

Antes de rematar o curso escolar, realizarase unha avaliación da actividade na que se valorará a consecución dos obxectivos e a implicación dos sectores. Proporanse as medidas correctoras, caso de necesitárense, cara á edición futura da actividade.

Acción II: **MENÚda lingua!**

Consiste nunha recompilación realizada polo SNL co obxectivo de contribuír a normalizar o sector da hostalaría ao fornecerlles un material que lles sirva de apoio á hora de elaborar as súas propias cartas gastronómicas.

Para elaborar esta recompilación, o SNL realizou o baleirado de máis de 20 cartas gastronómicas. O material resultante é un glosario que recolle máis de 500 pratos e comidas que se serven e se poden atopar nos bares, restaurantes, hamburguesarías... de Moaña.

A partir da denominación galega (por exemplo: Meixelas de ibérico, cogomelos de temporada e crocante de ceboliño) presentamos a tradución para o castelán (Carrilleras de ibérico, setas de temporada y crujiente de cebollino), para o inglés (*Ibérico pork meixelas*, mushroom and spring onion crusty) e para o francés (Bajoues de porc ibérique, champignons de saison et croquant de ciboulette).

Este material editarase en formato dixital, que se pendurará no blog do SNL, e gravarase en CD para distribuír entre os establecementos hostaleiros de Moaña. A partir do ficheiro que se lles ofrece, poderán confeccionar e reelaborar os seus menús en galego e, a maiores, noutros idiomas.

O índice do glosario será o seguinte :

ENTRANTES

entrantes fríos

☞ táboas

☞ queixos

ensaladas

entrantes quentes

☞ ovos e tortillas

☞ revoltos

☞ sopas e cremas

☞ pastas e arroces

PEIXES

MARISCOS

CARNES

SOBREMESAS

Outros:

☞ tapas

☞ bocadillos

☞ pizzas

☞ hamburguesas

☞ sándwichs

☞ pratos combinados

Os establecementos hostaleiros colaboraron achegándonos os seus menús. Ademais, o profesorado das distintas áreas lingüísticas do IES A Paralaia colaborou para fornecer a tradución nas outras linguas.

Por ser un complemento da campaña *Galiméntate*, aprovéitase o mesmo deseño como fondo e soporte da campaña.

Ofrecerlles información sobre o vocabulario galego relacionado coa gastronomía aos hostaleiros, en particular, e a poboación, en xeral, é un dos obxectivos do SNL, de aí a necesidade de elaborar e difundir materiais que contribúan á tarefa de promover a extensión do uso do galego no sector da hostalaría que se traduzan na promoción do prestixio do galego en todos os ámbitos sociais.

Elaboración e mantemento do blog do SNL

Para visibilizar o traballo do SNL cara ao exterior, o SNL traballa durante este ano 2011 na elaboración e difusión do labor desenvolvido nos últimos anos desde o propio servizo. Para iso, está a elaborar e deseñar un blog propio do SNL (que se pode atopar en snlmoanha.blogaliza.org) cos obxectivos e función do SNL, como contactar, actividades de dinamización desenvolvidas, recursos lingüísticos que se poden atopar na rede (correctores, dicionarios, léxicos, manuais, tradutores...), programas relacionados coa formación (cursos de galego, probas...), ligazóns de interese etc. Todos estes contidos elabóranse e introdúcense no blog desde o propio SNL.

As e os usuarios potenciais do blog son, ademais do persoal propio do Concello, os membros do tecido asociativo de Moaña, o profesorado dos centros de ensino, o sector comercial e quen, de maneira particular, estea interesado no coñecemento da lingua galega. Para promocionar o uso do blog do SNL entre as e os posíbeis usuarios, durante este ano o SNL realizará unha campaña de difusión das actividades, programas etc. que desde este servizo municipal se levan a cabo. Para iso, vanse editar unhas tiras adhesivas cun deseño que represente o SNL e no que se difunda o enderezo do blog. Estas tiras adhesivas distribuiranse entre os sectores antes nomeados.

Obradoiro: **Galego, a nosa vantaxe. Portugués, a nosa vantaxe** Campaña para desmontar os prexuízos lingüísticos entre a mocidade

INTRODUCCIÓN:

Aínda que parecen terse reducido algúns prexuízos sobre o galego, varios estudos recentes constatan unha presenza importante entre a xente nova.

Desenmascarar eses prexuízos, que están servindo de freo ao proceso de normalización do noso idioma, é imprescindible para seguir avanzando no proceso da promoción e do prestixio do galego en todos os ámbitos.

Un dos xuízos de valor que se emiten sobre a lingua ou sobre quen a fala, e que provocan o seu rexeitamento, é o que relaciona o galego coa falta de utilidade e a falta de competencia dos seus falantes.

Achegar o noso coñecemento do portugués, a través do galego, pódenos resultar útil pois o portugués é a sexta lingua máis falada no mundo, oficial en catro continentes e oito países; un deste países, Brasil, é unha potencia emerxente.

OBXECTIVOS:

Estimular actitudes favorábeis que se traduzan nun uso xeneralizado do galego entre a mocidade, superando vellos prexuízos e inercias negativas.

Por en valor a lingua galega, facendo ver a súa potencialidade e contrarrestando os prexuízos que a infravalorizan.

Desmontar o prexuízo lingüístico da falta de utilidade do galego pois serve de ponte para acceder ao mundo lusófono e constitúe unha vantaxe competitiva respecto do resto de España e de Europa.

DESTINATARIOS/AS:

Alumnado do IES A Paralaia e do IES As Barxas con idades comprendidas entre os 12 e os 18 anos.

ACTIVIDADE:

O obradoiro ten un formato de 100 minutos, dúas clases seguidas, e está pensado para grupos de entre 20 e 40 alumnos como máximo.

Os contidos de cada obradoiro divídense en catro unidades que o monitorado adaptará segundo as idades do alumnado e utilizará diversos materiais como presentación en Office Impress, internet, música e audiovisuais para facelo máis interactivo e dinámico; será impartido pola A. Galega da Lingua.

PERIODIZACIÓN:

Durante o mes de maio deste ano.

Programa de sinalización de rúas

Programa de sinalización de rúas. No ano 2009, o goberno local do Concello de Moaña, asesorado polo SNL, puxo en marcha esta campaña consistente en ir traballando por zonas e ir rotulando o nome das rúas e das vías.

Durante este ano de 2011 seguirase con esta campaña. O SNL encárgase de elaborar informes e achegar listaxes corrixidas de topónimos e microtopónimos para mellorar a sinaléctica deste termo municipal.

Para realizar este labor, o SNL apoiase no traballo realizado neste termo municipal dentro do Proxecto de Toponimia da Xunta de Galicia, asesorado sempre polo Comisión de Toponimia que normativizou os máis de 4000 microtopónimos atopados neste Concello.

Esta é unha vella demanda da poboación polo que é unha campaña que ten boa acollida por parte da poboación, mesmo hai persoas que veñen polo servizo para saber un pouco máis do significado do topónimo da zona na que vive.

En relación coa microtoponimia, o SNL elabora informes para propoñer que se nomeen con microtopónimos xa existentes as novas áreas en vías de expansión urbanística, de xeito que se acaben con denominacións para nomear o territorio que nada teñen que ver con el e se recuperen formas propias case perdidas.

IV) Funcións de coordinación

O Concello de Moaña, a través do SNL, colabora e coordínase con outras institucións e organismos:

Coa Secretaría Xeral de Política Lingüística: na difusión de accións dinamizadoras desenvolvidas por esta e no asesoramento sobre os cursos de lingua galega, xa comentados anteriormente.

Coa Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia e o Proxecto de Toponimia de Galicia, no cal está incluído o Concello de Moaña.

Con outros servizos lingüísticos: mantemos contactos permanentes con outros servizos lingüísticos, non só da provincia de Pontevedra, senón de toda Galicia para facer circular a información sobre proxectos, lexislación...

V. Orzamento de gastos para o mantemento do SNL e desenvolvemento de programas 2011

Gastos de persoal:

concepto	cantidade
Gastos de persoal no período subvencionado	36.000 €

Gasto de programas:

Galiméntate	
Acción I: Receitas para a lingua 250 Ud. de mandís de algodón deseñados co lema da campaña	506,00
Acción II: MENÚda lingua! Deseño e maquetación en formato dixital	141,00
200 CD co glosario gravado e deseño gráfico impreso	433,00
Elaboración e mantemento do blog do SNL	
Adhesivos divulgativos	357,00
Obradoiro: Galego, a nosa vantaxe. Portugués, a nosa vantaxe	
8 obradoiros para alumnado da ESO e bacharelato	1186,48
Subtotal	2623,48 €

Gastos totais para o mantemento do SNL	
Gastos de persoal	36.000,00 €
Realización de programas de dinamización	2.623,48 €
Contía total	38.623,48 €

Vista a proposta da Alcaldía do 28 de marzo de 2011 para a aprobación de:

1. O proxecto descritivo para o mantemento do SNL do Concello de Moaña, no cal constan todos os datos referidos a el, incluído o orzamento de gastos de persoal (36 000 €) e da realización de programas de dinamización lingüística (2623,48 €), que ascende a un total de **38 623,48 €**.
2. Solicitar a subvención para a promoción do uso da lingua galega e aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nesta orde.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos,

17.- OBRADOIROS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA 3º TRIMESTRE, EDICIÓN 2010-2011.

Visto o informe do director da EMM do día 28 de marzo de 2011 e a proposta da súa aprobación do concelleiro delegado de Cultura, que di:

CONVOCATORIA PARA O PAGAMENTO DO IMPORTE DA INSCRICIÓN NOS OBRADOIROS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE MOAÑA CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE da EDICION 2010-11:

- Prazo: Mércores 30 marzo a venres 15 de abril.

- Procedemento:

Os pais, nais ou titores deberán efectuar o pago correspondente en calquera oficina de Caixanova de Moaña no número de conta do Concello dentro dos prazos establecidos, indicando o nome do Alumno e como concepto “MÚSICA-BATERIA”, “MÚSICA-HIP HOP”, “MUSICA-BEBÉS”, “MÚSICA-GRUPO POP” ou “MÚSICA-SOLFEXO ADULTOS” segundo corresponda.

Os prezos serán os estipulados na “III Proposta de Actividades Complementarias” presentada entre a Banda de Música Popular “Airíños do Morrazo”.

Unha vez efectuado o ingreso deberá entregar o xustificante de pago nas dependencias da Escola.

Asimesmo, o departamento de Recadación do Concello pasará informe á Escola de Música o Luns 11 de abril sobre os preinscritos que a día venres 8 non efectuaron o ingreso para axiliza-lo pago dos interesados pendentes.

A continuación, e como anexo, se establece o listado de preinscritos con dereito á inscrición e o importe a pagar correspondente.

Listado de preinscritos:

BATERIA				
OBRADOIRO	NOME E APELIDOS	IDADE	TFN.	IMPORTE
Aula de batería	A. T. Sara A.			30€
Aula de batería	A. O. Sabela			30€
Aula de batería	B. S. Katrin			30€
Aula de batería	B. R. Adrian			30€
Aula de batería	C. A. Celia			30€
Aula de batería	C. C. Hugo			30€
Aula de batería	F. M. Claudia			30€
Aula de batería	G. V. Rodrigo			30€
Aula de batería	G. D., Josué			30€
Aula de batería	P.S. Iria			30€
Aula de batería	P.C. Hugo			30€
Aula de batería	P. F. Nerea			30€
Aula de batería	P..D. Leticia			30€
Aula de batería	R. R. Hector			30€
Aula de batería	R. S. Anxo			30€

MUSICA PARA BEBES				
OBRADOIRO	NOME E APELIDOS	IDADE	TFN.	IMPORTE
Música Bebés	C.A, Sarai			30€
Música Bebés	Z. F. Candela			30€
Música Bebés	G.P., Adrián			30€
Música Bebés	S. P, Tomé			30€
Música Bebés	D.G., Claudia			30€
Música Bebés	O.B, Pedro			30€
Música Bebés	P. M. Sergio			30€
Música Bebés	N.S., Xavier			30€

HIP HOP 1- 9 a 12 anos				
OBRADOIRO	NOME E APELIDOS	IDADE	TFN.	IMPORTE

Hip-Hop 1	C.P.Laura			18€
Hip-Hop 1	C. S.Candela			18€
Hip-Hop 1	C.S.Olaya			18€
Hip-Hop 1	G. R.Alicia			18€
Hip-Hop 1	G. R.Area Mª			18€
Hip-Hop 1	M. L. Alondra			18€
Hip-Hop 1	N. E. Elba			18€
Hip-Hop 1	P. F. María			18€
Hip-Hop 1	P. P.Antía			18€
Hip-Hop 1	R M Claudia			18€
Hip-Hop 1	R S Marola			18€
Hip-Hop 1	R S Vera			18€
Hip-Hop 1	R M Aitana			18€
Hip-Hop 1	R R Alba			18€
Hip-Hop 1	R S Alan			18€
Hip-Hop 1	R C Nerea			18€
Hip-Hop 1	R P Iago			18€
Hip-Hop 1	S F Aitana			18€
Hip-Hop 1	V C Belen			18€
Hip-Hop 1	V T Andrea			18€

HIP HOP 13 a 18 anos				
OBRADOIRO	NOME E APELIDOS	IDADE	TFN.	IMPORTE
Hip-Hop 2	A. O. Sabela			18€
Hip-Hop 2	B. M. Eva			18€
Hip-Hop 2	C. L. Andrea			18€
Hip-Hop 2	G. R. Andrea			18€
Hip-Hop 2	G. M. Desireé			18€
Hip-Hop 2	P. S. Iria			18€
Hip-Hop 2	P.D. Leticia			18€
Hip-Hop 2	R. B. Laura			18€
Hip-Hop 2	R.D., Oscar			18€
Hip-Hop 2	R. da S. Brenda			18€
Hip-Hop 2	V.C. Violeta			18€
Hip-Hop 2	V.D.S. Fátima			18€

GRUPO POP				
OBRADOIRO	NOME E APELIDOS	IDADE	TFN. CONTACTO	IMPORTE
GRUPO POP	A.C. Ariadna			18€
GRUPO POP	B. P. Ana			18€
GRUPO POP	B. O, Eva			18€
GRUPO POP	B. O. Manuel			18€
GRUPO POP	F. S. Ilian			18€
GRUPO POP	F. M. Claudia			18€
GRUPO POP	G. R. Andrea			18€
GRUPO POP	G. M. Desireé			18€
GRUPO POP	J.F. Darío			18€
GRUPO POP	M. L. Alondra			18€
GRUPO POP	O P Ismael			18€

GRUPO POP	O P Jael			18€
GRUPO POP	P F Nerea			18€
GRUPO POP	P D Leticia			18€
GRUPO POP	R da S Brenda			18€
GRUPO POP	S P Antía			18€
GRUPO POP	V I Gabriel			18€

SOLFEXO DE ADULTOS				
OBRADOIRO	NOME E APELIDOS	IDADE	TFN. CONTACTO	€/TRIM.
Solfexo adultos	Del Rio Vazquez , Angela			18€
Solfexo adultos	García Blanco, Alfonso			18€
Solfexo adultos	Martínez Santomé José			18€
Solfexo adultos	Oliveiras Padró, Enric			18€
Solfexo adultos	Perez Carrera, Xosé Bieito			18€
Solfexo adultos	Ponte Pita, María			18€
Solfexo adultos	Vidal Alonso, Jorge L.			18€
Solfexo adultos	Rey Salas, Juan Ignacio			18€

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos e así aprobar o prazo, procedemento e as persoas preinscritas ás que se conovca para o pagamento da inscrición nos obradoiros da Escola Municipal de Música correspondente ao terceiro trimestre da edición 2010-11.

18.- SOLICITUDES DE TARIFAS REDUCIDAS PARA O SERVIZO DE ABASTECIMIENTO DE AUGAS E SANEAMIENTO

Visto o informe do 25 de marzo de 2011 da traballadora social do Concello, emitido en relación coas solicitudes recibidas para a obtención de tarifas reducidas para o servizo de augas e depuración que achega, nos que en conxunto relaciona a 5 persoas que cumpren cos requisitos esixidos na ordenanza municipal e unha que non cumpre por superar ingresos,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Aprobar a a redución do 50% da tarifa do servizo de augas e depuración as seguintes persoas:

- ...

Segundo: Desestimar a seguinte solicitude por superar ingresos

- ...

Terceiro: Notificarlle o acordo a Aqualia.

19.- AMPLIACIÓN PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA “CONSERVACIÓN E REFORMA CENTRO CULTURAL ROSALÍA DE CASTRO”.

A empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES S.A., adxudicataria das obras de “Conservación e Reforma Centro Cultural Rosalía de Castro”, por escrito con entrada no Concello o día 15 de marzo de 2011, expón da

existencia de retrasos na execución da obra debidos que os traballos a desenvolver na obra estiveron ralentizados para exeuirse á realidade física da obra, tamén polos corrementos de terras na zona e as medidas precisas para facerlles fronte e a necesidade de facer o recheo posterior do muro por fases, polo que solicita que se lle conceda unha ampliación do prazo de execución de 3 meses, ata o 30 de xuño de 2011.

Vistos os informes do Secretario de 17 de marzo e do Director da obra emitido o día 18 de marzo de 2011.

Á vista da cláusula 30 dos pregos de licitación: 5: “*Se se producise retraso no cumprimento dos prazos por causas non imputables ao contratista, a Administración poderá a petición deste ou de oficio, conceder a prórroga por un tempo igual ao tempo perdido, salvo que o contratista solicite outro menor, de acordo co disposto no artigo 197.2 da LCSP.*”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar unha ampliación do prazo de execución de 3 meses, ata o 30 de xuño de 2011 da obra “Conservación e Reforma Centro Cultural Rosalía de Castro”.

20.- TRÁFICO

O director da Escola Municipal de Música solicita a instalación de sinais de advertencia de zona escolar na contorna da escola –rectoral de San Martiño- debido á alta afluencia de poboación escolar. Tamén considera necesario pintado dun paso de peóns que una a entrada ao centro co aparcadoiro do adro de San Martiño.

O inspector-xefe da Policía local, por informe do 26 de marzo de 2011, indica que

- Por seguridade dos alumnos da escola, sería conveniente instalar dous sinais verticais de “perigo, nenos” (p-21) en ámbalas dúas direccións, a 25 mts da entrada ao recinto.
- Deberíase pintar un paso peonil de 80 cms de ancho, dende a entrada ao recinto da escola ata o aparcadoiro do adro da igrexa. Co pintado deste paso de peóns evitariase ademais o estacionamento de vehículos nesa marxe, cousa que actualmente dificulta o paso dos alumnos cara á escola, ademais de crear un perigo para a circulación.
- Como alterativa ao solicitado polo director da escola, poderíase abrir un paso a través do muro de pedra dende a entrada da escola cara ao recinto anexo onde se atopa un aparcamento de terra.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a colocación dos sinais, o pintado dunha liña amarela de *non aparcar* a carón do muro e que se inicien as xestións con Patrimonio para a apertura dun paso no muro.

21.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA

21.A) D. José Félix Rodal Rodríguez, por instancia do 23 de febreiro de 2011, expón que recibe notificación da Oral sobre reclamación de pago de saneamento dos anos 2007 e 2008. Indica que a súa vivenda sempre foi unifamiliar e ten xustificante de pagamento deses anos, dos que achega copia. Solicita a anulación do que lle reclaman.

Visto o informe do xefe da Policía local do 8 de marzo de 2011, que indica

Na vivenda nº 59 de Berducedo viven dúas unidades familiares. No baixo, a formada polo matrimonio de José Félix Rodal Rodríguez e María Piñeiro Gayo; e no primeiro andar, a parella formada por Rosana Rodal Piñeiro (filla dos anteriores) e Alberto Camaño Otero e mailo fillo de ambos, Hugo Camaño Rodal.

No muro exterior da vivenda hai un só contador de auga. Asemade, pódese observar que existe unha soa acometida do tendido eléctrico cara ao inmovible.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda remitirille o informe da Policía a Aqualia, requiríndolles que se lle dea tratamento dunha unidade familiar aos servizos dados á vivenda situada no 59 da rúa Berducedo, e que se anulen os recibos duplicados por este concepto.

21.B) Dª Gudelia Costa Pastoriza, por escrito do 24 de marzo de 2011, expón que unha vez que ten a licenza de primeira ocupación da súa vivenda (expte. de obras 42/2005), solicita que se lle regularice o prezo do recibo da auga, en Pandiña, 114.

Visto que o concelleiro delegado indica que procede cambiar o tipo de subministro de auga de industrial a doméstica,

A Xunta de Goberno Local, por unaniidade das persoas asistentes, acorda que se lle aplique a cota por abonada uso doméstico

21.C) CONEXIÓN AUGAS E SANEAMENTO

Á vista da solicitude presentada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a seguinte conexión:

	Servizo	Lugar	Taxas €	Informe favorable
SANTIAGO VIÑAS. GESTIDO	Auga para construción, 193/10 expte.	A Marrúa, s/n	Taxas 60 € Fianza..... 150 €	Arquitecto técnico

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:00 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.